

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 24 DE XULLO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e catro de xullo de 2007, baixo a presidencia do Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnen-se simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das Comisións Informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Non asiste, e presenta escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Don Antonio Varela Saavedra, do PS de G-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Non asiste, e presenta escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Don Jaime Manuel López Lisnier, do PS de G-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Elexpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Non asiste, e presenta escusa, don Manuel Marante Gómez, do PG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º.- Constitución da Comisión.

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. alcalde declara constituída a Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

2º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos por escrito.

Faise constar que mediante escrito rexistrado de entrada ao nº 8.439 no día de hoxe, fórmulanse preguntas por parte do grupo municipal do BNG para as Comisións do día de hoxe, que non son contestadas ao non ser presentadas dentro do prazo previsto no artigo 115 g) en relación co artigo 135 do Regulamento orgánico municipal.

Seguidamente, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO
AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

1º.- Constitución da Comisión.

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. alcalde declara constituída a Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

2º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

1º.- Constitución da Comisión.

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. alcalde declara constituída a Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá..

2º.- Rogos e preguntas.

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e oito horas e vinte minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do

Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é firmada polo Sr. alcalde-presidente, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

O Sr. alcalde-presidente

A secretaria

Asdo: Antonio Varela Saavedra

Asdo: M^a Luisa de la Red Ampudia